

ENCONTRO

■ Celebrarase a partir do 29 de outubro

As viaxes na literatura, no XXVII Galeusca

Os encontros Galeusca, organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), chegan á súa XXVII edición entre os días 29, 30 e 31 de outubro e o 1 de novembro na Coruña. Congregarán a escritores e escritoras da AELG, da Euskal Idazleen Elkarte e da Associació d'Escriptors en Llengua Catalana.

As sesións celebraranse na Biblioteca de Estudos Locais (rúa Durán Loriga s/n), baixo o epígrafe *Literatura en galego, éuscaro e catalán: unha viaxe con futuro*. O Congreso promoverá neste 2010 "o debate ao redor da importancia das nosas literaturas en lingua propia como subministradoras de contidos para unha fértil industria cultural que a todos e todas sen excepción preocupa e interesa", indican nunha nota de prensa.

O programa distribúese coa celebración de dúas mesas redondas o sábado 30 de outubro, a partir das 10,00 horas unha, e ás 12,00 horas a seguinte. Na primeira falarase sobre a literatura como fornecedora de contidos da industria cultural: a literatura e o audiovisual, e participarán, –baixo a coordinación en representación da AELG de Raúl Veiga–, Héctor Carré, Harkaitz Cano, Ander Iturriotz e Manel Bonany. A segunda, coordinada por Xulio L. Valcárcel, abordará *As viaxes na literatura* coa participación de Anxo Angueira, Urtzi Urrutikoetxea e Ignasi Riera. ● REDACCIÓN